

Designación do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas para o curso 2026/27.

A Resolución do 17 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas de réxime especial para o curso 2026/27 (*DOG* núm. 80, do 30 de abril), establece que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas de técnico deportivo de grao superior será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

De conformidade co establecido na citada resolución, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2026/27, e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (*DOG* núm. 144, do 25/06/2001) modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*DOG* núm. 144, do 18/07/2008) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (*DOG* núm. 96, do 30/05/2011).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández



ANEXO

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	José Ignacio Vila Alonso	Presidenta	Verónica Martínez Delgado
Secretaria	María Asunción Arufe Carredano	Secretaria	M. ^a Isabel García Criado
Vogal 1º	Fernando Lojo Piñeiro	Vogal 1º	Francisco Javier Poch Gutiérrez
Vogal 2º	Mercedes Rivas Vicente	Vogal 2º	Helena González Doval
Vogal 3º	Esteban José Fernández Neira	Vogal 3º	Alexandre Fernández Ramos
Vogal 4º	Xesús Fernández Sulleiro	Vogal 4º	Ana María López Díaz
Vogal 5º	Isabel Villalta Martín	Vogal 5º	Roberta Maschi

